

O BARALLETE DOS XINGROS

CARLOS RODRÍGUEZ

INTRODUCCIÓN

De todos é coñecida a riqueza lingüística da provincia de Ourense mais neste pequeno traballo non imos falar das variantes do galego rexistradas nesta bisbarra senón doutra lingua moi próxima a esta pero ó mesmo tempo algo arredada dela. Estou a me referir ás xergas e moi especialmente a unha que ata o momento foi esquecida por tódolos investigadores, ben porque era descoñecida, ben porque o seu peso en relación coas das outras xergas era moito menor.

Se afirmamos que imos falar do barallete, quen máis quen menos estará a pensar no *barallete dos naceiros* ou o que é o mesmo, a lingua gremial empregada polos afiadores e paraugueiros amplamente recollida polo mestre Ben-Cho-Shey, X. A. Fidalgo Santamariña e Olegario Sorelo Blanco. Pero a nosa provincia nai do *barallete dos naceiros*, tamén foi a nai do *barallete dos xingros* ou o que é o mesmo, a lingua empregada polos músicos en xeral.

Vista esta situación podemos pensar nunha irmandade entre ámbalas dúas xergas ou nalgún tipo de relación de parentesco xa que as dúas son denominadas baixo o mesmo nome *barallete*. De tódolos xeitos non debemos esquecer que tamén o *latín dos arxinas* é coñecido, dentro do abano de nomes que recibe, como *barallete* co cal falar de liñas de filiación aínda é prematuro, máxime cando o noso traballo, polo de agora, só pretende ser unha pequena aproximación por canto o léxico por nós recollido aínda só chega a uns centos de entradas, sendo varias delas variantes dun mesmo significado. Co tempo esperamos seguir recompilando e ampliando información e dala á luz para así poder pechar este círculo. Cando se dispoña dun *corpus* máis amplo poderemos pescuda-la liña

xenealóxica pero neste momento aínda resulta moi arriscado ocuparse deste eido.

Por outra banda tampouco cremos que o *barallete dos xingros* estea emparentado nin co *verbo dos cabaqueiros* ou *daordés*, nin co *verbo dos bogardeiros*, nin co *verbo dos chafoutas*. É ben posible que existan moitas semellanzas entre elas, mais ¿que xerga non vai presentar algunha semellanza coas outras de Galicia? Máis ou menos todas van estar moi influídas entre si. Non debemos esquecer que se trata de linguas de oficios itinerantes polo que probablemente coincidisen tanto polos camiños coma nas aldeas onde todos eles ofrecían os seus servizos.

Volvendo a unha das afirmacións iniciais deste artigo, desta xerga aínda non se recolleu nada do seu léxico, sendo a penas mencionada polos estudiosos máis salientables deste contorno. As únicas referencias ó *barallete dos xingros* ou músicos que atopamos na crítica etnográfica pertencen a dous estudiosos de recoñecido prestixio. A primeira énos fornecida por Feliciano Trigo Díaz:

A dos músicos das terras de Celanova, emparentado en moitos termos co latín dos telleiros, que encheron aqueles pobos de tellas e tixolos.

Deste Verbo somentes cheguei a ter unha pequena noticia por boca dun músico dunha aldea chamada TELLEIRA, e da que se borrou calquera noticia daquela industria.¹

Con respecto a esta cita parécenos moi arriscado emparenta-las dúas xergas, como xa anotamos pouco máis arriba, máxime cando o profesor Feliciano non dispón nin dun *corpus* mínimo no que

¹ Trigo Díaz, Feliciano, *O verbo dos arxinas de Avedra. Xerga gremial dos canteiros de Pontevedra*. Pontevedra, Deputación Provincial, Pontevedra, 1993, p. 24.

se basear para soste esta afirmación. Verbo do lugar de procedencia xa trataremos nun apartado posterior esta cita.

A segunda noticia que temos recollida procede do profesor X. A. Fidalgo Santamaría:

Los músicos y los ciegos dispusieron de los respectivos vocabularios especiales; y también los ensalmadores, curanderos y sanadores rurales que se movían por las comarcas de Galicia pronunciaban en sus prácticas ritualizadas unas fórmulas oscuras o galimatías particular.²

O profesor Fidalgo engloba estes oficios dentro do grupo denominado como: *Ambulantes vinculados a outras actividades diversas relacionadas con la utilización y reproducción de la cultura popular*³. Baixo este nome agrupa a músicos, gaiteiros, xogres e os cegos recitadores de romances e cantares. De tódolos xeitos nos casos por nós documentados, os informantes deixáronnos constancia de que esta procedía do ámbito das orquestras e non tanto dos outros grupos antes mencionados. Daquela, é probable que si exista unha familiaridade entre esas posibles orixes, ou que o noso barallete proceda directamente das outras profesións, ademais non debemos esquecer que tamén as orquestras son de formación serodia feito que non pasa cos outros *xingros*.

LUGAR DE PROCEDENCIA

Se o barallete dos *naceiros* (afiadores) procede fundamentalmente da zona de Nogueira de Ramuín, Esgos, Paderne de Allariz e localidades veciñas como moi ben apuntan os críticos que mellor a estudia Ben-Cho-Shey e X. A. Fidalgo Santamaría, tamén debemos mencionar que Olegario Sotelo Blanco engade como outro foco de procedencia desta profesión a bisbarra de Castro Caldelas. Pois ben, se isto é así, o oficio de xingro ou músico na provincia de Ourense está moi vinculado, primordialmente, á zona da Merca, aínda que tamén hai focos moi importantes procedentes

da zona do Ribeiro, Celanova, Ourense, Taboade-la, localidades onde puidemos recoller un pouco de información. De tódolos xeitos, despois de falar con varios músicos estes apúntannos e reiteran que o nacemento desta xerxa produciuse arredor da zona da Merca. Aínda que esta bisbarra poida se-lo berce do barallete non cremos que se poidan establecer unhas fronteiras tan ríxidas xa que estas van ser transgredidas a cada paso. Así o etnógrafo antes referido, Feliciano Trigo Díaz, sinala como lugar de orixe desta xerxa as terras de Celanova, mais nós, como dixemos antes, pola información por nós recollida atopamos esta lingua non propiamente no contorno desta vila senón un pouco máis desviada pero, de tódolos xeitos, moi próxima á anterior.

Como xa mencionamos, a zona que os nosos interlocutores nos deron como berce do barallete é A Merca. Esta limita cos termos municipais de Barbadás e San Ciprián de Viñas ó norte, Taboadela e Allariz ó leste, A Bola ó sur e Ramirás e Celanova ó oeste. Como observamos, esta bisbarra é limítrofe coas localidades antes referidas polo que é bastante probable que o barallete se fose estendendo a todas elas. A súa poboación distribúese entre as parroquias de Corvillón, Entrambosríos, Faramontaos, A Manchica, A Merca, A Mezquita, Olas de Vilariño, Parderrubias, Pereira de Montes, Proente e Zarracós. A súa actividade económica xira, fundamentalmente, arredor do sector primario, pero as terras cultivadas están moi fragmentadas (agás na zona da Manchica). Tamén destaca a gandería que constitúe unha fonte alternativa do municipio e algunha que outra pequena industria.

¿COMO NACE O BARALLETE DOS XINGROS?

Para coñecer as orixes deste barallete debemos retrotraernos un pouco no tempo a aqueles momentos nos que o oficio de músico non estaba ligado ás actuais orquestras nin ós hábitos modernos. Antano os músicos cando ían á festa dalgunha localidade ían a pé ou en burro cargando co seu instrumento e, se a festa duraba varios días, era algo cotián que o grupo de músicos quedase para tódolos días da festa. Daquela os xingros perdidos nas súas viaxes entre aldeas, vilas, cidades e xentes estrañas, tiveron que desenvolver unha linguaxe

² FIDALGO SANTAMARIÁ, X. A.. Las actividades ambulantes tradicionales. *Galicia. Antropología*. Tomo XXIV, A Coruña, Hércules Ediciones, 1997, A Coruña. p. 393.

³ *op. cit.*

mediante a que eles só se entendesen fronte ás esixencias e desexos dictatoriais do *marao* (membro da comisión de festas) ou os antollos da *maralla* (o público). Daquela esta xerga, como tódalas outras, nacen como un mecanismo de defensa fronte ós posibles ataques da persoa allea á profesión. De aí a gran cantidade de palabras imaxinativas e metafóricas coas que foron plasmando os seus éxitos e fracasos, construindo os seus xiros propios.

Aquí caben as palabras que X. A. Fidalgo Santamariña⁴ escribe sobre o *barallete dos naceiros*, pero que se poden aplicar ó noso caso:

El barallete se nos presenta, así, como esa arma que utilizan en su 'lucha por la vida' en el ámbito de acción profesional, y con su creación y progresivo perfeccionamiento la colectividad de ambulantes no se propuso ensayar nuevas formas de comunicar su pensamiento a los demás, sino, por el contrario ocultárselo a los extraños.

Así estas linguas constitúen para o individuo que as usa un valado de protección, unha barreira coa que gorecerse dun medio externo e agresivo onde se moveron. Son elaboradas artificialmente, aínda que moito do seu léxico é común a outras linguas marxinais coma o *caló*, e son transmitidas oralmente só ós membros das súas xeracións. Están destinadas a non ser comprendidas por ningún, agás eles mesmos. Foron nadas nunha época na que esta práctica profesional era moi abundante e xeneralizada.

O seu ámbito de uso, polo tanto, queda restrinxido ó espazo profesional no que exercen os seus oficios: lugares de traballo, de descanso... e en moito menor medida nas súas aldeas de procedencia, aínda que a este respecto, pero vinculado ó *barallete*, Ben-Cho-Shey indicaba que ata o empregaban nas súas casas, mais nós cremos que isto só debe aparecer cun carácter anecdótico, xa que aquí o aspecto ocultista non está presente pois é comprendido pola gran maioría da poboación e ademais non deben agocharlle a súa conversa a ningunha persoa allea.

⁴ Fidalgo Santamariña, X. A.: «Referentes identitarios de una colectividad de ambulantes orensanos», *Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía Identidade e Territorio*. p. 135.

De tódolos xeitos aquí debemos lembra-lo que nos dicía o profesor X. A. Fidalgo Santamariña⁵ con respecto ás xergas en xeral:

As linguaxes especiais das profesións ambulantes de Galicia desapareceron no curso do presente século, xunto coas actividades que constituían a principal razón da súa existencia e permanencia no tempo, e o barallete non foi unha excepción. Sen embargo, aínda quedan naqueles encraves xeográficos onde máis predominaron os protagonistas deste oficio, un bo número de exfalantes da xerga que a seguen conservando na súa memoria.

Isto é algo que tamén debemos aplicarllo ó noso *barallete* xa que na actualidade son moi poucos os xingros novos que o aprenden, que o coñecen ou que sintan unha inqueda de facelo perdurar. Hoxe podemos dicir que queda practicamente reducido a unhas cantas persoas de avanzada idade que aínda seguen a conservar na súa memoria esta lingua, mais polos seus anos a maioría delas non exercen xa esta profesión. Polo tanto, se esta non é recollida cun pouco de celeridade corrémo-lo risco de que desapareza esta xerga como outras moitas deixándonos moi poucas pegadas da súa existencia.

A posesión dunha lingua de seu é unha característica que marca aínda máis a concepción da súa profesión como integradora dun grupo profesional concreto e peculiar, favorecido polo feito de pertencer a un círculo territorial concreto.

TRANSMISIÓN

O proceso de transmisión do *barallete dos xingros* é o mesmo có de calquera outra xerga. O mestre transmítello ó seu discípulo cando este se está iniciando como músico ou máis ben cando este xa comeza a colaborar co seu gran de area ó intervir co resto de compañeiros *xingrando nas godaxes* (tocando nas festas).

Debemos salientar que, coma na maior parte das xergas, a dos *xingros* é unha lingua case que exclusivamente dos homes. Isto é moi doado de explicar. Nun inicio a profesión de músico era vista coma un

⁵ Fidalgo Santamariña, X. A.: *O Afiador*, Vigo, Ir Indo, 1992, p. 201.

apoio á economía familiar xa que as *godaxes* (festas) só se realizaban nos días santos ou domingos, xusto cando os preceptos relixiosos imperantes daquela prohibían o traballo. Deste xeito podían achegar unha pequena cantidade de diñeiro á economía familiar sen impedi-lo traballo normal do resto da semana. Nesta época o feito de que a muller andase de *godaxe en godaxe* cun grupo de homes estaba moi mal visto xa que ela debía quedar na casa ó coitado dos fillos e da habenza familiar. Só na actualidade cando esta situación cambiou e a muller comeza a recupera-lo terreo perdido, esta empeza a aparecer plenamente formando parte dos grupos musicais, e é cando chega á nosa fala.

Debemos sinalar que, para os nosos entrevistados, esta xerga non estaba estendida a todo tipo de *xingros* (músicos). Era propia dos futuros xeradores das orquestras pois os gaiteiros ou bandas (aínda que nesta última si aparecen varios exemplos), mais a súa procedencia está un pouco confusa, xa que non está moi claro se estes xingros aprenderon o barallete na banda ou anteriormente nas orquestras pois todos eles chegaron a formar partes das dúas. O que si nos manifestaron estes entrevistados era que os gaiteiros non a coñecían. De todos modos nós inclinámomos, aínda que con cautela, pola probabilidade de que esta lingua proceda destoutros músicos, sobre todo pensando que contan cunha tradición moito máis antiga con respecto ás orquestras que é máis posible que esta lingua sexa invención súa. Eles foron os primeiros que andaron polos camiños a tocar nas festas polo que é máis factible que estas persoas se visen na tesitura de crear unha lingua de seu para se defender do medio alleo, deste xeito a súa relación coas outras profesións ambulantes con lingua propia é moito máis notoria. Así os xingros ó andar de *godaxe en godaxe* estaban en contacto con outros ambulantes podendo, deste xeito, influír os uns nos outros. Ademais o substantivo *xingro* fai referencia ó músico en xeral sen establecer ningún tipo de distinción entre eles.

GALICIA, SEMENTEIRA DE XERGAS

Como dixemos ó comezo deste artigo, se Ourense é o berce de varias xergas, Galicia é unha auténtica sementeira de todas elas. Nas nosas terras apareceron moitas, todas xunguidas polas mesmas causas e necesidades, todas naceron arredor das súas ferramentas, arredor das conversas que se

efectuaban entre os camiños dende as aldeas nativas ós lugares de traballo. A maior parte delas desapareceron e nos nosos días só perduran un tanto por cento moi pequeno, se o comparamos coas que hai constancia da súa existencia.

Entre as xergas das que conservamos, na actualidade, algunha contribución léxica podemos salientar: o verbo dos *chafoutas*, tamén coñecido como a lingua dos albaneis do Concello de Goián; moi vinculado con esta, o verbo dos *cabaqueiros* ou *daordés*, xerga dos telleiros da zona do Rosal, A Guarda...; o máis próximo a nós, o *barallete dos afiadores*, da zona de Nogueira de Ramuín e Castro Caldelas; o verbo dos *bogardeiros* ou *anxos*, a fala dos cesteiros de Mondariz; e o verbo dos *arxinas de Avedra*, a lingua dos canteiros da zona de Pontevedra; o *barallete dos xingros*, a lingua dos músicos da bisbarra da Merca.

O léxico que ofrecemos a continuación foi recollido no inverno do ano 1993 e a el contribuíron coa súa sabenza varios *xingros* que nos achegaron esta riqueza léxica. Músicos ós que lles debemos todo e ós que nós desexamos mostrarlle-lo noso maior agradecemento. Vai por xingros como Aser Álvarez Outomuro (Roimelo), Aser Álvarez Rodríguez (Roimelo), Abrahám Vila Álvarez (Ourense), Cándido Suárez (Allariz), Mantequero (A Mezquita) e a moitos outros máis.

Para rematar gustaríanos salientar que nas nosas mans temos un anaco entrañable da historia da nosa comarca, e por engadido de toda Galicia. O noso labor foi só o de comezar a rescatalo do esquecemento.

VOCABULARIO*

-A-

Abrileces: Abril

Abuña copo: Estar algo moi bo

Abuñar: Ver, ser, estar, haber

Afuñar: Ver, ser, estar, haber

Aghosteces: Agosto

Aíces: Aí

Aiquices: Aquí

* As entradas que aparecen coa grafía *gh* tratan de mostrar a gheada, a pronuncia do /g/ como unha aspirada farínxea que se produce en calquera posición e que se manifesta entre os nosos entrevistados.

Alices: Alí, alá
 Alupantas: Lentes
 Alupantes: Ollos
 Alupar: Ver
 Andantas: Pernas
 Andantes: Pés
 Ansia: Auga, mexo, chuvia
 Ansiar: Mexar
 Anxia: Auga, mexo, chuvia
 Anxiar: Mexar
 Aquices: Aquí
 Atanado: Casado
 Atanao: Casado
 Atanar: Casar

-B-

Baracada: Preñada
 Baracar: Preñar, embarazar
 Baracoa: Embarazada
 Baracoar: Preñar, embarazar
 Barcemio: Bar
 Baredo: Non ir tocar, quedar na casa sen traballar na profesión
 Bea: Peseta (cartos), pube
 Beigheiro: Burro (animal)
 Bicoa: Pube
 Bicoia: Pube
 Borne: Parvo, anormal; burro (animal)

-C-

Calcorros: Pantalóns
 Calcurras: Bragas
 Calcurriños: Calzóns
 Calcurros: Pantalóns
 Canivelos: Clarinetes
 Canutos: Pelos
 Catorces: Catorce
 Catroces: Catro
 Caxieira: Casa rectoral, casa do cura, igrexa
 Caxigueira: Igrexa, casa do cura. Tamén aparece a variante recollida con gheada: *caxigheira*.
 Caxo: Cura
 Ceumo, -a: Mozo; muller, esposa
 Cincoces: Cinco
 Coañeira: Bocado
 Cobrizar: Cobrar
 Copleira: Cama
 Copo: Bo, guapo, fermoso
 Corovelos: Chourizos

Cortanta: Navalla
 Cortante: Coitelo
 Creis: Parvo, tolo
 Cuatroces: Catro
 Chaveo: Rapaz adolescente
 Chiflo, a: Fillo, a
 Chiolas: Tetas
 Chisquelo: Un pouco, unha cantidade pequena
 Chouqueno: De pouca estatura, rapaz de curta idade
 Chumar: Beber

-D-

De mua: Meu
 De nostros: Noso
 De toi: teu
 De vostros: Voso
 Decembre: Decembro
 Deces: Dez
 Doces: Doce
 Doco: Can
 Douces: Dous

-E-

Eíces: Aí
 Eiquices: Aquí
 Enerefres: Xaneiro
 Envaiortado: Borracho
 Envaiortarse: Emborracharse
 Escamelo: Bacallao, peixe ou marisco en xeral
 Escorbadeiras: Orellas
 Escorbar: Oír, escoitar
 Escorbelo: Chourizo
 Escorchadeiras: Orellas
 Escorchar: Escoitar

-F-

Fate: Malo, ruín, feo
 Fati: Malo, ruín, feo
 Fatioco, -a: Malo, ruín, feo
 Fatioto, -a: Malo, ruín, feo
 Febreireces: Febreiro
 Febreireces: Febreiro
 Fisona: Cara
 Foupar: Bater, dar golpes, toca-lo bombo
 Foupeiro: Bombeiro
 Foupo: Bombo
 Frausas: Copas, cunca

Frauso: Vaso
Furelas: Tetas

-G-

Ghabo: Piollo
Ghacho: Aldea
Ghaiola: Pulga
Ghaoba: Pulga
Gharfio: Garfo
Ghau: Piollo
Ghecho: Aldea
Ghallofa: Galiña
Ghallofe: Polo
Gharlanta: Boca, gorxa, lingua
Gharlante, -a: Cantante
Gharlar: Falar
Ghedellos: Dedos
Gheirantas: Pernas
Gheirante: Coche, furgón dos músicos
Gheirar: Marchar
Gheirón: Coche, furgón dos músicos
Ghiñar: Cagar
Ghiñón: Cu
Ghodaxe: Festa
Ghraniza: A terra, area, mundo
Ghranizo: Arroz
Ghranxo, -a: Director, grande, alto, -a
Ghulieces: Xullo
Ghundio: Garda Civil
Ghunieces: Xuño
Grafo: Garfo
Gustifar: Gustar

-H-

Hartón: Pan

-I-

Icho: Si
Intervadeiras: Orelas
Intervadoras: Orelas
Intervante: Persoa que coñece ou entende o barallete
Intervar: Entender, comprender

-L-

Larato ghranxo: Fonte de comer
Larato: Prato

Longa: A procesión. Tamén aparece a variante con gheada: *longha*.
Lupantes: Ollos
Lupar: Ver, mirar

-M-

Maieces: Maio
Maralla: Público
Marao, -á: Mordomo, -a
Marcas: Marzo
Mordates: Dentes
Morxo: Porco
Mua: Eu, meu
Muquición: Comida
Muquidoiro: Restaurante, pousada, fonda, lugar onde dan de comer
Muquinante: Comensal, persoa que come en gran cantidade
Muquir: Comer

-N-

Nexo: Non
Nostrofos: Nós
Noveces: Nove
Novembreces: Novembro

-O-

Oitoces: Oito
Onces: Once
Otubreces: Outubro
Outubreces: Outubro

-P-

Paghiza: Paga, os cartos
Paghizar: Pagar
Pelemio: Pelo
Penico: Bacenilla

-Q-

Quel: Casa
Quelo: Casa
Quillar: Face-lo amor
Quillatoria: Acto de face-lo amor
Quillona: Puta, persoa á que lle gusta face-lo amor
Quinces: Quince

-R-

Roupifa: Roupá
Roupifia: Roupá
Roupiza: Roupá
Rule: Cu

-S-

Sabunchar: Saber
Sabuncho: Persoa que sabe moito
Saltantas: Tetas
Saltazanxas: Cabrito, coello
Seices: Seis
Seteces: Sete
Setembreces: Setembro
Sorchantes: Ollos
Sorchar: Mirar, calar
Sorna: Cama
Sornar: Durmir
Souchar: Calar

-T-

Taboucas: Patacas
Tantiño: Un pouco, outro tanto coma ese
Tarolas: Batería
Texo: Can
Todeito: Todo, completo
Toi: Ti
Treces: Tres
Tudeito, -a: Todo, -a, completo, -a
Turuta: Trompeta
Turutas: Trompetista

-U-

Unces: Un

-V-

Vaio: Viño
Vaiorto, -a: Borracho, -a
Vinteces: Vinte
Vostrofos: Vós

-X-

Xabreis: Mil pesetas
Xabrinco: Cinco mil pesetas
Xepo, -a: Vello, -a
Xera: Carne
Xerpos: Cartos
Xibardo: Pene
Xingra: Música
Xingrar: Tocar
Xingreiros: Músicos
Xingros: Músicos
Xipa: Merda
Xipar: Cagar
Xodes: Deus
Xodiña: Virxe
Xodiño: Anxo, santo
Xorna: Cama
Xornar: Durmir

-Z-

Zoumo, -a: Mozo, -a



UNA REVISTA PARA PROMOCIONAR LA CULTURA

Director:

Emilio García Ranz

Núm. 154 * Abril de 2.000 * Dep. Legal: LE-633/1984

PUBLICACION TRIMESTRAL

Aparece los meses de Enero, Abril, Julio y Octubre

Edita:



Grupo Cultural BEDUNIA

Entre los Rios, 10

24760-CASTROCALBON

León, España

Imprenta "La Valdería" = Entre los ríos, 10.- Castrocalbón (León)